

C.E.I.P. Plurilingüe de A Pontenova. Nº 68. Xuño 2018. Depósito Legal LU-391-88.






## SUMARIO


- 4º E 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL

  Cantigas de Berce.

- 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

  Menús do comedor escolar.

  Instrumentos de Abraham Cupeiro.

- 1º E 2º DE PRIMARIA

  O noso invernadoiro (Receitas)

  Refráns e ditos populares sobre as árbores dos nosos bosques.

  Cantigas de Entroido e o Entroido no colexio.

- 3º E 4º DE PRIMARIA

  Rosalía de Castro. Negra Sombra.

  Refráns dos nosos meses de nacemento.

  Os muíños na nosa Terra.

  Os libros do Itinerario Lector.

- 5º DE PRIMARIA

  Artigos individuais dos alumnos/as.

- 6º DE PRIMARIA

  De maior quero ser…

  Emerxencias.

  A Garda Civil no colexio.

- ENGLISH PAGES

  Amanda, our language assistant.




HAMZA

# Educación Infantil

## 3 e 4 anos

# Cantigas de berce

Os nenos e nenas de Infantil de 3 e de 4 anos queremos amosarvos aquí unha pequena mostra dun traballo feito polas familias de cada un de nós. Tratábase de recoller cantigas de berce; aqueles cantos que nosas avoas,avós, nalgúns caos bisavós e bisavoas, nais e pais empregaban para durmirnos. Uns durmíamos axiña e necesitábamos pouca festa, outros e outras éramos mal durmidores e non había repertorio que chegara. O que conta é que todas son especiais porque todas teñen a súa historia detrás e agradecemos ás nosas familias que quixeran compartilas con todos vós.

Dedín dedín,
de charranusquín
cando o Rei por alí pasou
toda-las aves convidou
menos unha que quedou...

Arzabuco no rabo do cuco
vaite deitar
que alí te irei buscar...







ALEJANDRE



EL MEU NENIN E PEQUENO

TEÑO QUE ENSEÑALO A TODO

A COCER E A PENEIRARE

E A BOTAR O PAN NO FORNO




ALEJANDRO

"Duérmete mi niña,
duérmete mi sol,
duérmete pedazo
de mi corazón.
Duérmete mi niña
que tengo qué hacer:
lavar los pañales,
planchar y coser."




LISA

O tren que me leva pola beira do Miño,
me leva e me leva polo meu camiño.
O tren vai andando pasiño a pasiño
e vaime levando cara o meu destiño.
Ra, ra, ra.




ÁFRICA



Este meno pequeniño
haíno de levar á feira
por un ramo de rosquillas
heino dar a quen o queira.
aaaaa, aaaaa...







Esta mena pequeniña
pequeniña pequeneira
esta mena pequeniña
trouxena eu da Ribeira.
aaaaa, aaaaa...

ROI

Durme meu neniño durme
durmete meu pequeniño
que teu pai ha de traerche
da ribeira un paxariño.







Este neno ten soniño
e máis non quere durmire
durme meu neniño durme
que a fada ven por ti eh.

CAROLINA

"Ao subila e ao baixala costiña de Mondoñedo, ao subila e ao baixala perdín a cinta do pelo".

JULIA



"Chora meu neno chora
chora e non deixes de chorar
que se sinten os curas
ao redor da igrexa
e non paran de cantar."

SAUL




"Este nenin que teño no colo, líbreme dias de deixalo sólo"

DANI




"Esta niña linda
que nació de noche
quiere que le lleve
a pasear en coche.

Arroró mi niña
arroró mi sol
arroró pedaso
de mi corazón







DANIELA

"Quer que o? e quer que non,
que te a comelo papon
que tua madre vai na misa
e teu padre no sermón"

Ujuruju !!

XABI







"San Bartolín da súa camiña se levantou,
os seus peiños e as suas mainas lavou,
o seu camín encamiñou,
na fonte de Trebular,
encontrou cun dentalar, (lobo)
– pra onde vas dentalar?
– vou pra aquela fraga
que hai cabras e ovellas.
– nas miñas non toques!
pra aquelas non veles!
que naquela rozadiña,
estache a santa Magdalena!"




ESTEBAN

"En Galicia un día eu escoitei
Unha vella historia nun café,
Era dunha nena que do pobo escapou
Anduriña nova que voou.
Choran ó pensar onde estará
Mais ninguén a quere ir a buscar
Anduriña lle chamaron os que alí deixou...




SABELA




DAMIAN

A saia de Carolina
ten un lagarto pintado
cando Carolina baila
o lagarto move o rabo

Bailaches Carolina,
bailei si señor
dime con quen bailaches
bailei co meu amor.

Tengo, tengo, tengo, tú no tienes nada...
tengo tres ovejas en una cabaña...
Una me da leche, otra me da lana...
otra mantequilla para la semana...




VICTOR

# Educación Infantil
# 5 anos

Os nenos e nenas de 6º de Educación Infantil queremos ensinarvos unha pequena mostra dos menús diarios que fomos escribindo este curso.

Máis adiante veredes todo o que aprendemos sobre instrumentos musicais ancestrais, no concerto de Abraham Cupeiro, ao que asistimos na Casa da Cultura o 10 de abril.

Data Mércores 15 de maio

MENÚ

1º Caldo de repolo



2º Peixe con tomate



POSTRE Plátano



ANTÍA

6º E. INFANTIL





Data XOVES, 10 DE MAIO

MENÚ

1º. Puré




2º. tortilla con salchichas




POSTRE: Froita.






YARA

Data venres 11 de maio

MENÚ

1º. Luras con leituga




2º. Potaxe




POSTRE Flan




6º E. INFANTIL

Data venres 11 de maio

MENU

1º Luras con leituga




2º Potaxe




POSTRE Flan




Data Martes, 14 de maio

MENÚ

1º Brócoli



2º Arroz con carne



Postre Piña



BRUNO

6º ED INFANTIL



Data Mércores 15 de maio

MENU

1º Caldo de repolo



2º Peixe con tomate



POSTRE Plátano



NELLY



Data Luns 21 de maio

MENU

1º Espinacas



2º Espaguetes con carne



POSTRE Froita



CLAUDIA

6º E. INFANTIL

Data Martes 22 de maio

MENÚ

1º Sopa



2º Cocido



POSTRE Froita



ANTONIO

Data Venres, 25 de maio

MENÚ

1º Empanada



2º Fideuá



Postre Iogur



6º E. INFANTIL

FÁTIMA


YARA
10-4-2018
INSTRUMENTOS DE A CUPEIRO
ANTONIO
INSTRUMENTOS DE A. CUPEIRO
NELLY. INSTRUMENTOS DE A. CUPEIRO
10-4-2018
CLAUDIA
INSTRUMENTOS DE A CUPEIRO
10-4-2018
6º E. INFANTIL


BRUNO
INSTRUMENTOS DE A CUPEIRO
INSTRUMENTOS DE A. CUPEIRO
ANTIÁ
10-4-2018
6º E. INFANTIL

# O NOSO INVERNADOIRO ...

## 1º. E 2º. DE PRIMARIA

O noso invernadoiro segue a producir!

Recollemos acelgas das nosas parcelas e, aínda así puidemos compartilas con outros cursos.

Algún de nós non só as degustamos coas nosas familias, senón que se nos permitiu participar na elaboración de preciadas receitas.

Estas son as que preparamos e degustamos. Están de rechupete!

**Rabos de acelga rebozados.**

1º. Lavamos as acelgas e cortámoslles as follas verdes.

2º. Cortamos os rabos en rectangulos e cocémolos 20 minutos en auga con sal.

3º Escorrémolos, secamos con papel de cociña e pasámolos por ovo batido e por fariña.

4º Fritimolos



XOÁN

Pencas de acelgas recheas

Córtanse os talos das acelgas en dous anacos iguais. Póñense a ferver en auga e sal durante 10 minutos. Escórrense e recénchense cunha loncha de xamón (york) e outra de queixo. Pásanse por fariña, ovo batido e frítense en aceite quente.

Nayara.

Puré de acelgas

Lois

1- puerros
1- cebola
1- Patata
- acelgas

Poñemos todo nunha pota con aceite e sofritimos todo. Poñemos auga e cocemos. Despois pasamos a batidora.

# E seguimos recollendo ... Agora toca *leitugas*. MÁIS RECEITAS!

## SALADA MIXTA

INGREDIENTES:

- Leituga
- Tomate
- Ovos cocidos
- Aceitunas
- Sal
- Maíz
- Tacos de xamón
- Cebola
- Aceite
- Vinagre

COMO FACELA:

Lavar a leituga e cortala. Logo poñemos o tomate cortado en anacos, ovos cocidos, tacos de xamón, aceitunas, maíz, aceite, vinagre, cebola e sal.

Removemos todo e A COMER!

Natalia Kiara Claudia VALERIA INÉS






Ensalada mixta para mamá. Lavamos as follas de leituga, cocemos ovos, descongelamos tronquitos de mar, cortamos tomate, troceamos tacos de queixo e de pavo, abrimos latas de atún e aceitunas. Mesturamos todo, aderezamos con cebola, aceite, vinagre e sal. A comer!

Macarena





CREMA DE LEITUGA

Lavar e trocear a leituga, poñela a cocer nunha pota con pouca auga, un anaco de cebola, un chorro de aceite de oliva e sal. Pasados 30 minutos, botamos un chorro de nata e batir coa batidora.



Tostar uns dados de pan no forno para acompañar a crema. Tamén se pode fritir en aceite.





Listo!! A comer. Nayara

## Salada de leituga, pera e melocotóns

**INGREDIENTES:**

- Peras peladas - Melocotóns
- 1 taza de auga - Leituga
- Media taza de azucre - 1 limón
- Fresas.

**PREPARACIÓN**

Cortamos as peras en anacos e poñémolas en auga con limón escorremolas e cociñámolas en auga azucre durante uns minutos sen deixar que se abranden moito. Nunha ensaladeira mesturar as leitugas lavadas cos melocotóns, as peras e as fresas. Por último aderezamos ao noso gusto.



SOFÍA
CARMEN

## Salada de leituga

Laveamos ben a leituga e escorrémola.
Cortámola coas mans en anaquiños. Poñémoslle sal, aceite, vinagre e cebola a gusto do consumidor.
Mesturamos todo e servimos.

LOIS



XOÁN

# REFRÁNS E DITOS POPULARES SOBRE AS ÁRBORES DOS NOSOS BOSQUES

Quéntate co traballo

e non co lume do carballo.

INÉS

O que non afarre a leña

non afarra causa que teña.

LOIS

En marzo árbores podar e cavar

se queres froito recolectar.

Claudia

Planta eucaliptos para ti

piñeiros para os teus fillos e

carballos para os teus netos.

Carmen

Alto me vexo

no meu lugarexo

e por unha risada

quedeime sen nada

XOÁN



Se te casas para a Villapena
verás que boa vida che dan,
polas mañás pan e peras
e polas tardes peras e pan.

VALERIA

A o que boa árbore se achega
boa sombra lle cobixa.

Nayara

A árbore que se podou en febreiro
terá froita duradeira.

Natalia



# CANTIGAS DE ENTROIDO



Antroido godoiro
Martín cabertoiro
Cuando has de vir?
Martes pola tarde
para nos divertir.

Xoán

Dum dum, que te leve o demo
dum dum, que te vai levar
dum dum, que nos leve
a todos o martes de carnaval.

Sofía

O entroido é moi goloso
porque lle gusta o touciño,
de A Pontenova foi contento
que lle untaron o fuciño

Macarena

ANTROIDO GODOIRO,
MARTÍN COBERTOIRO
COMÍCHEME A CARNE
E DEIXÁCHEME O COÍRO.

KIARA

Xa chega o entroido
pasaremolo xenial.
Coa festa e os disfraces
nun inverno primaveral.

Con máscaras e antifaces
imonos disfrazar,
aínda que o traxe axeitado
é difícil de pensar.



Ao verse co disfrace
moitos pasan vergoña,
todos a rir sen parar
con algunha carantoña.

Carmen

Aunque lle vimos aquí
non é por facerlle mal,
vimos anunciar
que estamos no carnaval.

VALERIA

# ENTROIDO NO COLEXIO

*Chegou o entroido*
*pon a careta*
*vente po cole*
*estamos de festa!*

Aprende inglés
dice D. Jorge
pero é que a min
non che me entra.

Andade todos
ben lixeiriños
que ven Francisco
marcando o ritmo!

Collede a gaita
que chega Inés
coa cantiga
"Toca outra vez"



Movede o corpo
dice Sergiño
Que vos asente
o cocidiño!

Cristina e Lola
fan as rosquillas
Fanche ben boas
Menuda enchente!

Os de infantil
como troulean
Fina e Carmiña
mira que inventan!

E o José Luis
veña insistir
mirade o tempo
anótao aquí!

*Despois a Nati*
*chega e che di*
*"discurre e pensa"*
*Outro pouquiñ!*

Entre o teatro
e pandeiretas
andacha Loli.
Xa temos festa!

Axuda Lola
venme axudar!
Dicen os nenos
Como se fai?

Belén e Adela
Tamén vixían
que o noso Entroido
teña cabida!

Pronuncia ben!
e le ben!
que senón Yenni
Mándate ler!

Viste de Entroido
Dice Rocío
Pero disfruta
Con sentidiño!

Non esquecervos
de que está Juán
se tes problemas
Hachos quitar!

E esta Tony
moito che manda!
no comedor...
Non se che fala!

Así remata
o noso Entroido.
Para outro ano
eu tamén volvo!

Letra e arranxos: Toñi
Interpretación: Nenas e nenos de 1º e 2º EP,
Cecilia, Noa, Samuel, Iago, Marina, Nerea, Paula e Nuria.



3º. e 4º. DE PRIMARIA

# NEGRA SOMBRA(FOLLAS NOVAS)

Cando penso que te fuches
negra sombra que me asombras
ó pé dos meus cabezales
tornas facéndome mofa
Cando maxino que es ida
no mesmo sol te me amostras
i eres a estrela que brila
i eres o vento que zoa
Si cantan, es ti que cantas
si choran, es ti que choras
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora
En todo estás e ti es todo
pra min i en min mesma moras
nin me dexarás nunca
sombra que sempre me asombras.

Rosalía de Castro

3º 4º




3


4

NEGRA SOMBRA(FOLLAS NOVAS)

Cando penso que te fuches
negra sombra que me asombras
ó pé dos meus cabezales
tornas facéndome mofa





Cando maxino que es ida
no mesmo sol te me amostras
i eres a estrela que brila
i eres o vento que zoa
Si cantan, es ti que cantas
si choran, es ti que choras
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora

En todo estás e ti es todo
pra min i en min mesma moras
nin me dexarás nunca
sombra que sempre me asombras.

Rosalía de Castro



# Os Nosos Meses



- San Marcos rey de los charcos. (ABRIL)
- En maio inda a vella queima o tallo. (MAIO)



- Por San Marcos o maíz nin nacendo nin no saco. (ABRIL)



- Agosto madura e Setembro vendima a uva. (Setembro)



- Que Agosto e Setembro non dada cebada, en San Xoán non sai xornada. (Setembro)



- En abril augas mil,
  e todas caben nun barril.
- Marzo marzán cara de can. (Marzo)



- Entre todos los Santos y Navidad, es invierno de verdad. (Noviembre)



- Entre Marzo e Abril sae o cuco do cubil. (Marzo)



Decembro quente, trae o demo no ventre. (Decembro)

- En xaneiro, mellor carballo que castiñeiro.



- En setembro o vendimiador corta os racimos en 2 en 2.
- Por San Mateo, a vendimia arrea.



1

- O día da Candelaria
  O inverno está fora,
  Pero si non nevou e quere nevar,
  O inverno está por empezar
- Entre marzo e abril sae o cuco do cubil



# ~ Os muiños na nosa Terra ~

- <u>Muíño</u> – É unha construción que serve para moer o gran.
- <u>Muiñeiro</u> – É a persoa encargada de poñer a moer o muiño cando la a xente co gran para moer o cereal.
- <u>Muiñada</u> – é a cantidade de gran que se leva de cada vez ao muiño.
- <u>A muiñeira</u> é un baile e un xénero musical galego. Como xénero, distínguese polo seu compás de 6/8 rápido e vivo.
- Muiñeira de Chantada e de Lugo.
- O noso scorna baila a muiñeira: Vestímolo cos traxes rexionais





Pintamos o taboleiro para a Scornadanza.





3º 4º



- Unha noite no muíño,
unha noite non é nada,
unha semaniña enteira,
esa si que é muiñada.
- Deus cho pague churrusqueira
téñocho que agradecer,
cando vou ao teu muíño,
sempre me deixas moer.
- Deus cho pague churrasqueira.
Túa nai por me casar
teu pai por me dar o dote
armaron unha porfía,
romperonlle os pes ó pote.

# O MUÍÑO DE AUGA



- O que vai a o muíño
sempre algo se enfariña.
- A auga no forno
tras da fariña vai.
- Para a misa e o muíño non esperes
ao veciño.
- Quen ao muíño vai enfariñado
sairá,
- Tantos veces vai o burro ó muíño
que esqueceu o camiño.



• O muiño qu'hai no meu pueblo
e pouco máis qu'un regato,
pero tuvo nalgún tempo
cinco moiños xirando.
• Hoi quedan sólo as paredes
que se van desmoronando.
• Nin quedan ventás nin portas,
leváronlles hasta o lousado.
Y as moas, ¿dúnde irán as moas,
que moleron tanto grao?

# O MUÍÑO DE AUGA



• Ós enterros e ó muiño,
de cada casa o máis ruíño.

• Con quen ten un muíño
que coidar non te poñas
a enredar.

• O muiño a moer
e os ratiños a comer.

• Collinos polo rabo e boteinos no
tellado. Collinos pola orella
e boteinos á canella.



# O MUÍÑO DE AUGA

## Á beira dun muíño

• Á beira dun muíño
púxeme a pensar
as voltas que da o mundo
e as que ten que dar.

• Estaba un carretiño
metido nun areal
e ca fusta na man
as mulas non queren andar.



• Con auga moe o muíño,
e o muiñeiro con viño.
• De muiñeiro a ladrón
non hai máis que un paso,
e é tan baixo,
que sube un escaravello.
• Cambiarás de muiñeiro,
pero non de ladrón.
• O pobre e o muiñeiro,
andando gañan.
• Auga pasada,
non move os muíños



# O MUÍÑO DE AUGA

- A muiñeira na costa de Meira
de día coce e de noite peneira.



A muiñeira trilla

- A muiñeira trilla, trilla,
e o muiñeiro trillará,
a porta do muíño,
que ven trilladiño está.
- A muiñeira gasta granata
e o muiñeiro granatín.
¿Donde sae tanto luxo
se non sae do muín?

# Os libros do itinerario lector -

· Os nenos de 3º e 4º ordenamos os libros do itinerario lector por orde de preferencia:




L. Galega (3º)

Nº 1 Un neno na emigración

Nº 2 A Galiña azul

Nº 3 Moito Conto

Nº 4 O Raposo e a mestra




Lingua Galega (4º)

1º O misterio do lixo mutante

2º Cando a Terra esqueceu de xirar



3º Perigo vexetal

4º Mi madriña, que paisaxe!

Nº1




Lingua Castelá (3º)

Nº 1: Platero y yo

Nº 2: Cerote, el rey del gallinero

Nº 3: Las aventuras de la bruja Fritanga.

Nº 4 : Como cazamos al hombre del saco.




Nº 1

• Lingua Castelá (4º)

Nº 1: Madera de piratas.

Nº 2: Beltrán el erizo.

Nº 3: Los futis de la cocina.

Nº 4: El libro de los cerdos.



A NOSA LECTOGAITA


TRAN JARABA
LEONARDO e os FONTANEIROS
Mª Victoria Moreno
ÁRBORE
LETRAS GALEGAS
2018

5º DE PRIMARIA

# O DÍA QUE VIÑERON AS AMBULANCIAS

O día 16 de maio de 2018 veu unha ambulancia, o camión dos bombeiros, coches da garda civil, coches de protección civil...
Montaron no polideportivo un hospital de campaña.

Ás 10:00 asistimos a unha charla sobre a RCP (REANIMACIÓN CARDIO-PULMONAR). A continuación por grupos fixemos exercicios de RCP con bonecos. Para o ritmo das pulsacións podiamos seguir o ritmo da canción de Bob Esponxa ou o da Macarena.

Contáronnos que cando nos atoparamos cunha persoa tirada no chan ou accidentada tiñamos que realizar varias tarefas: en primeiro lugar mirar se respira, en segundo lugar hai que chamar ao 112 e poñelo de lado para que non se atragante, por último e mentras non veñan axudarnos facerlle a RCP.

Saímos ao patio ver : as ambulancias, o camión dos bombeiros, os coches da garda civil, coches de protección civil...
Ensináronnos uns prismáticos polo que se ve de noite.
Por ltúimo fomos ao polideportivo e ensináronnos o hospital de campaña.
Ensináronnos o que usaban e como o montaban.

**FIN**

**KEVIN CABANAS QUINTANA**



## Acebro

Acebro é un pobo do concello da Pontenova da provincia de Lugo. Sitúase na carretera CP-48-03 sobre o val do rego da Augarosa. Ten unha poboación de 60 habitantes. Alí atópase a Capela de San Antonio, Pertence a Santo Estevo a 7,2 km de distancia.

Fin

Diego Fernández Fernández



# O Sporting Pontenova

O Sporting Pontenova na fase de clasificación quedou terceiro por debaixo do Mondoñedo que quedou segundo e o Burela que quedou primeiro. Na segunda liga cambiou a cousa porque quedou primeiro por diante do Mondoñedo, que nesta liga quedara terceiro e segundo quedou o Residencia que na primeira liga non estaba. O Sporting en dezasaisávos gañoulle ao Corgo 2 a 7 en Lugo. En oitavos caeu eliminado por unha mala arbitraxe.





Ismael

# Historia De Santalla

Había unha vez uns veciños de Ar Maior que querían ter unha santa no seu pobo. Entón os veciños de Santalla tiñan unha capela cunha santa. Chámase Santa Eulalia e ás noites os de Ar Maior íana roubar cando se durmiran todos. Un día pola noite os veciños escondéronse detrás da capela. Cando chegaron os de Santalla comezaron a tirarlles pedras aos de Ar Maior. E nunca máis volveron.



Andrea Rey Díez 5º de primaria

# RUTA DE VILLEIMIL

Domingo, 20 de maio, fun facer unha camiñata. Empezamos en Bogo ata Villeimil. Tardei 3 horas en chegar. Era curta, de 10km. Eu ía co meu pai, coa miña irmá, coa miña nai e coa miña veciña. Pasámolo moi ben. Ao final déronnos un bolo de chourizo, biscoito e empanada. Despois de comer houbo un sorteo na Tenda de Manolo e aínda nos tocaron moitas cousas: unha camiseta, dúas puchas e unha braga de pescozo.



Óscar

# Sanse, a cidade aburrida

A miña estación favorita é o verán. Gústame porque non hai que ir ao colexio. É moi bonita e moi divertida, e por isto vouvos contar un conto sobre unha cidade aburrida na que os seus habitantes non aproveitan nada o verán.

Un día, antes das vacacións de verán, fomos os do equipo de excursión a Sanse, unha cidade sen diversión. Era unha cidade residencial sen monumentos históricos. Cando chegamos estaba todo pechado. Viamos que todos estaban sentados nos seus sofás vendo os programas da tele e en pixama. Ademais ninguén aproveitaba o bo aire do verán.

Percorremos os 23 quilómetros da cidade e chegamos aos miradoiros de Santa María do Conde. Alí había un polideportivo onde participaban varios colexios xogando ao fútbol. Eran os de Sanse, Ribadeo, Riotorto, Lourenzá e Santa María do Conde.

Invitáronnos a xogar e nosoutros xogamos tamén. A nosa sorpresa foi que non tiñan nin idea de xogar ao fútbol con balón e facíano desde o móbil cunha aplicación informática. Collen o móbil e xogan ao fútbol nel contra os outros equipos. A nós iso non nos gusta. Botamos os primeiros partidos no móbil e despois convencémolos para xogar con balón. Eles non sabían e tivemos que ensinarlles. Só tiñamos 3 horas antes do seguinte partido. Cando empezou chegou a preocupación. Perderían ou gañarían? Ao final gañaron por 6 a 1, estaban todos felices. Prometéronnos que xogarían sempre con balón e deixarían de estar todo o día no sofá. Farían exercicio e actividades divertidas, e abrirían os comercios tódolos días.

Vamos a ver que pasa este ano con eles.

Bueno iso xa volo contarei máis adiante.

FIN



**PABLO FERNÁNDEZ MASEDA** **5º DE PRIMARIA**

"A HISTORIA DE VILAMEÁ"

Ata o ano 1951 Vilameá era un concello. Na actualidade é unha parroquia do concello de A Pontenova na comarca da Mariña Oriental. Segundo o padrón municipal do ano 2013 ten 264 habitantes.

Os lugares de Vilameá son: Liñeiras, Santalla, Vilameá e Xiiro.

En Vilameá temos a igrexa de San Vicente. Trátase dunha construcción que ten planta rectangular e un campanario.

No lugar de Vilameá celébranse 3 festas. O San Vicente, o 22 de xaneiro; a festa das Flores en maio e a festa das Neves, o 5 de agosto.

DAVID 5º




- Jaimito entrega la tarea y la profesora le dice:
- ¡¡¡Te falta la presentación!!!

El contesta:

- Ah, disculpe...

Damas y caballeros, ¡con ustedes la TAREAAA!

- Jaimito, ¿Cuál es la montaña más limpia?
- El volcan.
- ¿El volcán?
- Sí, porque primero echa cenizas y después, lava.



Álvaro 5º

# A GARDA CIVIL

O 24 de Abril cando cheguei ao colexio había motos e coches da gorda civil. Cando subín á aula o progesor dosé Luís comentounos que iamos ter unha chorla. Eu estaba intusiasmado. Incluso montamos nos vehículos.

Aos nosos compañeiros Samuel e Cecilia colléronlles as pegadas.

Logo de despedida chegou un helicóptero da gorda civil, voovon as pollas e o colector do lixo.



# Mariana y su perrita

Erase una vez un niña llamada Mariana y su
hermana Eduarda. Por navidad siempre venia mu-
chas cosas. Por suerte a Mariana le trajeran una perri-
ta y la llamo Leika. El sola tenía 10 años para cui-
dar a Leika. Sus padres siempre le ayudaban a cuidar
de Leika. El día 29 de mayo fue hacer unha pru-
ebas para los oidos. Le diagnosticarón que tiña xordera.
Mariana estaba muí triste cando Leika estaba con el
sempre estaba contenta. Os seus pais venderan pan,
magdalenas e bebidas. Después Mariana y su madre
fueron a llevar el dinera al banca para su operación.
De pasa fuerón a llevar a Leika al veterinaria pa-
ra ponerle unha vacuna. Pasaron los dias y hoy se
operaba Mariana y estuva unos dias en el hospital.
Y se fue feliz a casa.



## CHISTE DUN HOME CON CERTOS PROBLEMAS

Os números saben a doces! Xa é eu son o rei do queixo raiado!



## CHISTE DUN HOME CON CERTOS PROBLEMAS II

Levo todo o día intentando abrir esta caixiña! Non é unha caixiña é un ladrillo idiota!



## O CHISTE DO BACON

Este porco proporcionaranos bacon gratis todas as mañás! Pois eu non creo que vaia chegar moi lonxe!



## CHISTE DUN PACIENTE DESPISTADO

Doutor necesito un cu novo o meu está raxado! Xa che dixen un millón de veces que todos os cus son así!



## O CHISTE DOS OSOS

Cal é o oso máis dormilón?



O perez-oso!

MARCOS SÚAREZ
CAFÓN

6º DE PRIMARIA

# De maior quero ser...

Que tal estades compañeiros?

Hoxe os alumnos e alumnas de 6º, vendo tan preto o final da nosa estancia neste centro, queremos deixar un recordo do noso paso polo CEIP da Pontenova, e pareceunos interesante facer constancia das nosas intencións de futuro, e compartir con todos vós as nosas aspiracións.

Sen máis, imos aló:

*Ola, eu son **Marina** de 6º. Este ano remato Primaria e comezo a ESO, por eso quero deixar constancia do que quero ser de maior. Eu quero ser veterinaria especializada en animais domésticos.

Quero estudar na universidade de Lugo, na que este ano se precisa unha nota de 10,5 para poder entrar.

Estes estudos duran cinco anos.

Ser veterinaria é un traballo moi serio, xa que podes salvar moitas vidas de animais.

Moitas grazas, xa nos veremos.

*Ola son **Mario**. Eu quero deixar o meu soño aquí escrito. Gustaríame ser xogador de fútbol, pero como creo que non vai poder ser, tamén me gustaría ser profesor de matemáticas, de Educación Primaria xustamente, nesesito aprobar Primaria, Secundaria, Bacharelato, unha carreira, de catro anos, e se eu quero podo facer un máster.

O ano pasado,a nota necesaria para realizar estes estudos foi entre un 13,25 e un 14 de media.

Oxalá que o meu desexo se cumpra! Pasade todos un bo verán, e unha aperta.

*Ola, chámome **Daniel**. Teño 14 anos e estou en 6º de Primaria.

Para o próximo curso pasarei para o instituto. Alí farei 1º da ESO. Estou algo triste porque teño que marchar.

Agora vou contarvos o que quero ser de maior.

Dentro duns anos gustaríame ser barbeiro para cortarlle o pelo á xente e ter unha compañeira axudándome. Para isto teño que traballar moito no insti como estou facendo agora mesmo.

Sen máis despídome de todos vós.

*Ola,chámome **Nerea**,de 6º de Primaria. Eu quero ser profesora de Infantil.

Poño esto na revista para compartir con vós o que quero ser de maior.

Para poder ser profesora de Infantil:

Primeiro como todo o mundo tes que chegar a 4º de ESO, facer 1º e 2º de BAC e a selectividade. Podo realizar dous grados: 3 itenerarios formativos en inglés,e un grado de innovación educativa. Tes que saber: lingua extranxeira,audición y linguaxe, itinerario en atención temperá...

Para iso debo estudar e sacar como mínimo en Santiago de Compostela un 6,9.

*Ola son **Iago** de 6º de primaria.

Como para o ano que ven vou para o instituto quero deixar claro aquí o que prefiero ser de maior.

Decidín ser profesor de Bioloxía porque me gusta moito as ciencias da natureza xa que esa é a miña asinatura favorita.

Se me dedicara a docencia faríame falta:

Aprobar ata o bacharelato e o bacharelato tamén.

Sacar un 8,2 de media para entrar na facultade de bioloxía.

Estudar a carreira de bioloxía durante 4 anos e master.

Presentarse as oposicións.

Aprobar as oposicións para obter praza e adquirir a praza de profesor de bioloxía.

*Ola, son **Noa** de 6º! Este ano remato Primaria e comezo a ESO, e como xa estiven pensando no meu futuro, vou contalo. Eu quero ser... Veterinaria!

Para ser veterinaria necesitarei aprobar Primaria, a ESO e Bacharelato. Logo superar a selectividade, e atopar unha universidade na cal poida obter o título de Licenciado en Medicina Veterinaria.

Tamén terei que completar as rotacións selectivas e elixir unha especialidade, como animais exóticos, domésticos, de vida silvestre e máis. Eu quero especializarme en animais domésticos, e traballar nunha clínica veterinaria.

Un saúdo, Noa.

*Ola, eu son **Cecilia** de 6º de primaria e, como este ano me vou para o instituto, quero deixar aquí o que quero ser de maior (de momento).

Gustaríame ser xornalista, en concreto, reporteira. Quero traballar na televisión ou na radio dando as noticias, xa que me gusta máis e creo que me amañaría mellor.

Para entrar na Universidade e poder estudar Ciencias da Información, necesito de media da EBAU (Evaluación de Bachillerato para el Acceso a la Universidad) unha nota mínima de 6'18.

Na Universidade teño que estar uns catro anos, e quero ir á Universidade de Santiago de Compostela, porque é a que está máis cerca.

Aínda que sei que segundo vaia medrando e me faga maior vou cambiar un montón de veces de idea para o futuro, neste instante gustaríame ser xornalista.

*Ola, son **Samuel** e este ano acabo 6º de Primaria, de maior gustaríame ser militar. Fago esta redacción para compartir con vós no as miñas aspiracións

Sei que é moi duro entrar neste tipo de traballos pero seguro que merece a pena. Esta profesión sería un orgullo para min.

Aquí vos deixo as miñas expectativas para cando sexa maior.

Para este traballo necesito aprobar primaria e secundaria como mínimo, despois farei o bachillerato e irei á Universidade para ter máis posibilidades de entrar na Academia Militar.

Según eu sei, ser militar é aspirar a ter unha vida diferente, chea de emocións fortes e experiencias inolvidables. É desfrutar dun ambiente de traballo dinámico no que se procura a seguridade e benestar da sociedade española. É descubrir cousas novas todos os días e formarte un futuro á túa medida.

Un saúdo, Samuel.

*Ola son **Marcos**, aquí vos deixo un traballo sobre o que quero ser de maior.
Eu quero ser desactivador de explosivos.

Para ser desactivador de explosivos necesito ser maior de edad e non haber cumprido os cincuenta e cinco anos. Tar en posesión ou en condicions de obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria. Carecer de antecedentes penais. Non haber sido sancionado dos servizos das Forzas Armadas e Corpos de Seguridade. Poseer o diploma ou certificación acreditativa de haber superado el curso ou cursos correspondientes nos centros de formación de seguridad privada.

*Ola eu son **Brais** de sexto e fago este traballo para deixar un recordo do que estaba pensando en ser de maior neste momento. Eu quero ser garda civil.
Estes son os seus requisitos:
ter aprobada educación primaria e secundaria.
O traballo consistirá en:
é un instituto armado da natureza militar dependente do ministerio de interior e o de defensa.
Para conseguir un posto é necesario ter unha boa preparación de todas as probas.
Requisitos para entrar no corpo da garda civil:
Ter nacionalidade española. Ter entre 18 e 40 anos. Non ter antecedentes penales. Ter boa conduta de cidadán. Non estar privado de dereitos civile.

*Ola eu son **Jonathan** do alumnado de 6º de primaria. Hoxe vouvos contar que necesito para poder se profesor de matemáticas, que é o que quero se de maior para deixar un recordo de min.

En primeiro lugar deberei pasar 6º de primaria.

A continuación deberei pasar a ESO.

Ao rematar a ESO debo pasar bacharelato que se lle sole nomear BAC e pasar a selectividade cunha media de 7,8.

Para acabar debo sacar unha carreira cunha duración duns 4 ou 5 anos e obter o grado de Maxisterio de educación primaria.

Eu se chego a ser mestre de matemáticas gustaríame traballar nunha escola de educación primaria.

Un saúdo,**Jonathan**.

*Ola a todos/as eu son **Leandro** de 6º.

Hoxe vouvos falar de que quero ser de maior xa este ano acabo o C.E.I.P.

Euquero ser policía e necesitoareiaprobar CEIP, a ESO e o bacharelato.

A nota necesaria para ser policia é un 5.

Cando chegue a ser policia podo deter xente...

Moitas grazas é un saudo.

*Ola, chámome **Paula**, e este ano vou abandonar o CEIP PLURILINGÜE A Pontenova, para irme ao instituto.

Aquí vouvos deixar constancia do que me gustaría ser de maior:

Eu de maior quero ser doutora. Non hai duda de que a profesión médica é absolutamente esencial para a sociedade humana. Si che interesa estudar medicina é importante que posúas un gran interes por as ciencias e pasión por axudar aos demais.

Para ser doutor, é necesario estudiar medicina.

Medicina pódese estudar en moitas universidades Españolas como a universidade de Santiago, na Complutense de Madrid... O ano pasado 2017 a nota necesaria para entrar na universidade era entre 13,11 e 14.

13,11 foi a nota da universidade Autonómica de Madrid xa que foi a máxima, seguida por a da Universidade Valenciana con 12,99.

*Ola, chámome **Nuria** e, este ano que me vou para o instituto, teño que deixaros o que quero ser de maior, veterinaria.

Ao principio de pequena, só quería ser veterinaria e dábame igual de qué, pero despois iso cambiuo a que me gustaran máis os gatos e cans.

Agora, paréceme un aburrimiento o dos de gatos, cans, cabalos... Fai un ano topeiei un traballo xenial, a ver; quen non quere curar cebús, xirafas, elefantes, koalas... en vez de cabalos, gatos e cans?

Para poder ser veterinaria primeiro teño que aprobar sexto, a ESO, e despois bacharelato. Nas probas seguintes debo aprobar con un oito ou máis, pero tamén conta a media de bacharelato.

Seguidamente eu desexaría ir a universidade de León porque meu pai estudou alí e ten moi bos recordos por esa zona.

A continuación debería especializarme e conseguir un bo traballo.

E, en fin, ao principio quería traballar nunha clínica, as razóns son porque miña nai, que é veterinaria, traballa nunha oficina dando permisos, pasaportes, vendo fichas de alimentación...e meu pai traballa fora, ao aire libre sobre todo, e, non é que non lle guste, pero e que ven a casa moi cansado. Eu quería unha cousa media, mellor unha clínica, ainda que se me ofreceran unha praza nun zoo ou reserva, preferiríao antes que o da clínica.

En fin, sobre o traballo, se consigo en España paréceme moi ben, e senón voume a outro continente ou lexos de España pero dentro de Europa e segúramente que consigo traballo.

Adeus compañeiros. Que vos vaia moi ben neste cole, e gardade de nós os momentos agradables que pasamos xuntos, e esquecede se algunha vez non estivemos á altura.

UNHA APERTA MOI FORTE. OS DE 6º



# <u>*Emerxencias (polos alumnos/as de 6º)*</u>

O 16 de maio deste ano a cruz vermella e os equipos de emerxencias visitaron o colexio para ensinarnos moitas cousas relacionadas co 112

Os nenos da escola de Riotorto viñeron para, xunto a nos, aprender as técnicas de reanimación cardiopulmonar e o comportamento en caso de emerxencia.

A xornada comenzou cunha charla falándonos sobre o P. A. S: Protexer, Avisar e Socorrer para que a persoa que está ferida non empeore ou aumente o dano que poida ter.

Logo explicáronos como realizar a reanimación cardiopulmonar, para a continuación realizar unha práctica no ximnasio, onde nos dividimos en grupos para practicar sobre o peito de bonecos que semellaban persoas, aos que lles faciamos o respiración artificial e a masaxe cardíaca..

Para seguir ensináronnos vehículos do 112: camións de bombeiros, un coche policial, dous vehículos medicalizados e o interior dunha ambulancia onde puidemos observar unha padiola e outros utensilios médicos para atender aos feridos.

Para rematar ensináronnos un Hospital de Campaña, que se trata dunha casa inchable para atender ata seis pacientes á vez, e que se emprega en accidentes nos que moita xente resulte ferida por exemplo un accidente de moitos vehículos nunha estrada, de tren, avión ...

Foi unha experiencia moi boa xa que aprendemos moitas cousas sobre o 112, as emerxencias e como temos que comportarnos cando nos atopamos no medio dunha situación de perigo ou con xente mancada.



# A GARDA CIVIL NO COLEXIO!

## (que fixeches?)

O pasado 24 de abril viñeron ao colexio varios membros da garda civil que se adicaban a loitar contra diversos tipo de delitos, e participaban en diferentes tarefas para protexer á sociedade dos criminais.

Primeiro visionamos un vídeo sobre os diferentes campos nos que teñen intervencións: drogas, explosivos, delitos contra a natureza, tráfico, ...

Cando rematou a proxección, por cursos, e empezando por infantil, fomos ver os coches da policía e as súas motos. Tamén vimos as ferramentas e aparatos que empregan no seu día a día, e o que quixo, puido realizar un control de alcoholemia (paréceme que algún profe deu positivo).



Os gardas dixéronnos que si tiñamos calquera dubida que preguntaramos, así que os nenos e nenas non se cortaron a preguntaron sobre os chalecos antibalas, os prismáticos de visión nocturna, os equipos para obter as pegadas dixitais , etc.

Pero o que mais nos sorprendeu e gustou foi o helicóptero, que fixo varias pasadas sobre as nosas cabezas, facendo revolotear as follas das árbores que rodean o cole, pena que non puidese aterrar..

Ese día pasámolo xenial facendo soar as sereas dos coches e facendo que as súas luces chamaran a atención dos que pasaban preto do cole.

Subimos ás motos e coches ,e soubemos en que consiste o seu traballo, non so multar, tamén axudar e protexer.

Para rematar, e como despedida deste cole mandamos un saúdo a tódolos lectores de Aturuxo e esperamos que siga editándose moitos anos mais.

Os alumnos e alumnas de sexto, que somos os que realizamos esta redacción desexámosvos moita sorte e ánimo para seguir adiante.

Alumnos de 6º

# Amanda, our language assistant



How many years have you been living in Liñeiras?
I live from November 2014, three or four years.
Where do you prefer to live, in Manchester or Liñeiras?
I prefer to live in Liñeiras.
Do you have any sisters or brothers?
Yes I have 1 sister and 1 brother, My sister live in New York and my brother live in Dubai.
Did you work in another school?
I worked in Ribadeo but I'm not a teacher.

- What is your favourite Spanish food? I love "churrasco" but my favourite "tortilla"

- Wow many times do you think to come back to your country?

Never. In England I don't have family and I don't have house.

- How is your experience with us?

Yes, it's cool because the children are very good

- Do you have children?

No, I don't have children

- Have you thought about staying a long time?

Yes, I'll stay the rest of my live in Spain.

- Do you like the food of Galicia?

Something, I don't like octopus, I prefer meet.

- Do you like people of this country?

yes, The people is very great.

- What did you enjoy most about our school?

Meet with you.

- How long did you need to undertand Spanish?

I used Spanish for ten or fifteen years, but I forgot it and I had to study it again

- Are you going to visit your city in summer?

I'm going a week for the birthay of my dad.

Why did you come to live here?
In 2009 I visited more then 200 homes in Galicia, but the one I liked more was in "A Pontenova".

Did you notice any difference between the two countries?
Here there is not an hour to eat. In England we eats very early and here very late. In England break fast is at seven o'clock in the morning and eat at twelve o'clock

How did you feel these moths with us?
Very good, The people is very great

Do you think it is dificult to learn Spanish?
When I be young, I studyed Spanish and French but the persons in Spain help me, and in France only critici-zed me.

Do you have any newphew or niece?
Yes, my sister have two sons, one of 19 years old and the other 21.

Good luck

Amanda

6º





